

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O
DÍA 02 DE FEBREIRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS** do día **DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e o concelleiro **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Non asiste a Concelleira: **D^a MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1^o.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 10-11-11, ACTA 19-01-12,
ACTA 26-01-12.-**

**1^o.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 10-11-11, ACTA 19-01-12,
ACTA 26-01-12.-**

Preséntase para aprobación estas actas:


- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 10 de novembro de 2011, sométese neste momento por entregarse agora pola Secretaria anterior. O retraso é polo cese da Secretaria.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 19 de xaneiro de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 26 de xaneiro de 2012

A Sra. Alcaldesa dí que se aproban por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar as actas da Xunta de Goberno Local que se detalla:

Xunta de Goberno Local de 02 de Febreiro de 2012



- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 10 de novembro de 2011.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 19 de xaneiro de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 26 de xaneiro de 2012

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1.-Solicitud de devolución de Aval a Urbanizaciones del Deza S.L.

Dase conta do escrito presentado por Dº José Pereiras Sánchez, a requerimento de Dº Ramón Rey Rilo en representación da Empresa Urbanizaciones del Deza S.L., Rexistro de Entrada nº 390 de data 27 de xaneiro de 2012, solicitando a devolución do aval constituído para a obra “Acondicionamento de Vestuarios e Zona de Público do Campo de Fútbol Municipal de Bandeira”, debido a que transcorreu o prazo legalmente establecido dende a recepción da obra, sin que se producieran deterioros nin detectado defectos na mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda: remitir este escrito a Oficina Técnica para que valoren a devolución do aval da obra “Acondicionamento de Vestuarios e Zona de Público do Campo de Fútbol Municipal de Bandeira”.

2.- Escrito de Espina & Delfin S.L. Facturación do 4º trimestre de 2011.

Dase conta do escrito remitido por Espina & Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 377, de data 27 de xaneiro de 2012, remitindo facturación correspondente o 4º trimestre de 2011, ascendendo: - Total facturación: 123.050,53 €.
- Total facturación (s/canon): 112.548,88 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- Licencia de obra e actividade provisional. Albergue de Pelegríns en Bandeira (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución do 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:




Licencia Nº 5289/11. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Camino Triguero Salas, en representación de SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, solicitando licenzia de obra para implantación de módulos prefabricados para un albergue de pelegríns en A Bandeira, a situar na rúa Lourás-Agro do Balo, Bandeira (Silleda), segundo proxecto básico asinado polo Arquitecto Dª Ana María García Lombardía, sen visar.

RESULTANDO: Que con data 01 de febreiro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 01 de febreiro de 2012.

RESULTANDO: Que con data 01 de febreiro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	Camino Triguero Salas, e/r SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO		
<i>Data de rexistro</i>	2. dec. 2011	Nº 5289	<i>Data escrito</i> 28. nov 2011
<i>Obra</i>	Aimplantación de módulos prefabricados para un albergue de pelegríns en A Bandeira		
<i>Tipo de obra</i>	Maior		
<i>Emprazamento</i>	Rúa Lourás-Agro do Balo, Bandeira		
<i>Referencia Catastral</i>	36052C511010140000TJ		
<i>Autor do Proxecto</i>	Ana María García Lombardía, Arquitecto col. nº 11.352 COAG, 1.239 COAA		
<i>Proxecto</i>	Básico. Sen visar		
<i>Dirección de Obra</i>	Non consta		
<i>Oficio de Dirección</i>			
<i>Dirección de Execución</i>	Non consta		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	Non	BOP	
		DOGA	
		Prensa	
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	146.823,87 €		



NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*

1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*

1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*

1.15.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*

1.15.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*

1.15.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002*

1.15.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*

1.15.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*

1.15.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*

1.15.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*

1.15.11 *E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*


1.15.12 *E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*

1.15.13 *E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*

1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1 O día 2 de decembro de 2011, dona Camino Triguero Salas, en representación da Sociedade



Anónima de Xestión do Xacobeo, presenta solicitude de licencia municipal de obra e actividade para a implantación de módulos prefabricados para un albergue de peregríns en A Bandeira. Acompaña a solicitude de proxecto básico sen visar, relacionado no cadro superior.

2 O 22 de decembro de 2011, o arquitecto que subscribe, emmite informe técnico en sentido favorable da instalación, propoñendo que se dé traslado dunha copia completa do expediente ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a fin de que se informase acerca do sometemento ou non á Avaliación de Incidencia Ambiental desta instalación. Posteriormente, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda de día 23 de decembro de 2011, acorda, entre outros, dar conta da remisión ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental do expediente citado paara que informe sobre a necesidade de avaliación ambiental, saída que se rexistra o día 23 de decembro de 2011 có nº 2095.

*3 O 27 de xaneiro de 2012, R.E. 392, tén entrada a resolución asinada o día 19 de xaneiro de 2012, polo xefe territorial do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental e polo xefe territorial da Consellería, no que se resolve o que literalmente se transcribe: "Á vista do informe do Servizo de Calidade e Avaliación ambiental, o Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas **RESOLVE**: que a actividade de Albergue de Peregríns da empresa Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, non ten a necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental".*

INFORME TÉCNICO:

*4 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano, ordenanza Edificación Cerrada**.*

5 A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tnto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

*6 Canto ao uso solicitado, é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **institucional**: "Comprende aqueles edificios, locais o parcelas que se destinan al servicio de la Comunidad, dependientes de las Instituciones y Organismos Centrales, Regionales, Comarcales y Municipales, de carácter especial. Incluyéndose en este grupo las actividades complementarias derivadas de sus actividades." Dentro do mesmo, inscribíriase no grao 2 "Juzgados, Orden Público, Inclusas, Orfanatos y similares. Cuyas actividades se desarrollan en edificios completos o parte de ellos, lleve o no anejo espacio abierto. Este uso no solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente.*

7 A instalación presentada cumpre cós parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

8 Cumpre có establecido na lexislación autonómica e municipal en canto á accesibilidade (capítulo 5.2 da memoria).

9 Canto á protección de incendios, cumpre coas prescripcóns para propagación interior, propagación exterior, evacuación de ocupantes, dotación, control e extinción, establecidos pola lexislación vixente. Quedaría por xustificar a resistencia a incendio da estrutura, que se garantirá pola casa suministradora dos módulo, segundo proxecto técnico. (páxina 9 do capítulo 4.1 CTE-DB-SI)

10 Con respecto á actividade de albergue, efectuada consulta ao servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, consta no expediente resolución deste organismo, citada no punto 3 dos antecedentes deste informe técnico, de que non ten necesidade de sometemento ao procedementode avaliación ambiental.

11 Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuízo deste arquitecto, non é preciso a obtención de ningunha autorización sectorial nin autoriación autonómica da Consellería competente en materia de urbanismo, salvo mellor criterio.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude para a concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade. No entanto, non poderán iniciarse as obras en tanto non se presente e sexa verificada a seguinte documentación:


1.1 Proxecto de execución asinado por técnico competente e visado, ou no seu defecto, revisado pola oficina técnica correspondente (Artículo 125. Supervisión de proyectos. Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.)

1.2 Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.

1.3 Oficios de dirección de obra.

1.4 Oficio de dirección de execución da obra.”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade: acorda a concesión da licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conqeda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal ten que ser favorable,



achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

4.- Solicitude de Dº Carlos González Lorenzo, rexistro de Entrada nº 156 de data 11 de xaneiro de 2012.

Visto que por **Dº Carlos González Lorenzo**, preséntase escrito con Rexistro de Entrada nº 156, de data 11 de xaneiro de 2012, solicitando informe certificado de inexistencia de presa de auga.

Visto que con data 01 de febreiro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local segundo o contido do informe técnico citado, por unanimidade dos presentes: acorda:**

<i>Solicitante</i>	<i>Carlos González Lorenzo</i>				
<i>Data de rexistro</i>	<i>11/01/2012</i>	<i>Nº</i>	<i>156</i>	<i>Data escrito</i>	<i>10/01/2011</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Rendo-Cira. Silleda</i>				
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052P503003630000DW</i>				
<i>ASUNTO:</i>	<i>Informe Certificado de inexistencia de presa de auga.</i>				

ANTECEDENTES:

1. O 11 de xaneiro de 2012, r.e. 156, don Carlos González Lorenzo presenta solicitude, asinada o 10 de xaneiro de 2012, na que literalmente, expón "Que para cumprimentar unha documentación", solicita "Informe Certificado no que se faga constar que na cartografía municipal non figura unha presa de auga no lugar que se indica".

2. Vista a cartografía en formato dixital, do ano 2004, empregada como base para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda que consta neste Departamento Técnico de Urbanismo, destinada a planos en escala 1/5000 e 1/2000, da que se xunta copia en cor como anexo a este informe técnico, cómpre informar o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. Na cartografía destinada á escala 1/5000 non se aprecia, salvo erro ou omisión inventarios.

Xunta de Goberno Local de 02 de Febreiro de 2012



4. En torno á cota 140 que se grafia na cartografía ao Norte da vivenda propiedade do solicitante, na cartografía destinada á escala 1/2000 aparece unha liña de cor azul que posiblemente represente un curso de auga, sen poder coñecerse máis datos como o ancho, pendente e dirección.

(Se incorpora á sesión a Interventora e o Concelleiro Matías Rodríguez da Torre).

5.- Polo Concelleiro Matías Rodríguez da Torre plantéxase dous asuntos:

- Convenio asinado o 30 de decembro de 2011 en relación o becario Alfonso Leal García entre Matías Rodríguez da Torre, Concelleiro de Cultura e Turismo do Concello de Silleda e o Subdirector Xeral da Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA).

- Protocolo de intencións para a colaboración entre os Concellos da Estrada, Boqueixón, Santiago de Compostela, Silleda, teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces para a promoción conxunta do "Entroido da Ulla - Xenerais da Ulla", de data 03 de febreiro de 2012.

A Alcaldesa non somete a votación súa inclusión. O Concelleiro Matías Rodríguez da Torre pide que conste en Acta (e así o indica á Secretaria) que presenta estes dous asuntos para súa inclusión na sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe e certifico.

Silleda, a 02 de febreiro de 2012.

Vº e Prace. O DE SILLEDA - A ALCALDESA



Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe SECRETARIA



Asdo. Cristina Alodós Losada